

NORMATIVA INTERNA DOS TRABALLOS DE FIN DE GRAO

(Aprobado pola Xunta de Centro o 09/07/2013. Actualizado para o curso 2015-2016 debido ao novo regulamento da Universidade de Vigo; actualizado e aprobado na Xunta de centro o 13/07/2016 pola modificación do novo regulamento da Universidade de Vigo aprobado no C.G día 17/07/2015; modificado e aprobado na Xunta de centro do 05/07/2017 e actualizado e aprobado na Xunta de centro do 13/07/2020 como consecuencia da modificación do regulamento da Uvigo aprobado no Consello de Goberno o 15 de xuño de 2016 e modificado o 13 de novembro de 2018). Modificado pola entrada en vigor do RD822/2021 e aprobado na Xunta de centro o 13 de xullo de 2023

PREÁMBULO

O Real decreto 822/2021 do 28 de setembro polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais e do procedemento de aseguramento da súa calidade, dispón no capítulo III “Organización básica das ensinanzas universitarias oficiais de Grao”, artigo 14.6, que “O traballo fin de Grao é de carácter obrigatorio e cuxa superación é imprescindible para a obtención do título oficial”, e que “Este traballo fin de Grao dispoñerá dun mínimo de 6 créditos para tódolos títulos e un máximo de 24 créditos para os títulos de 240 créditos”. No anexo II do citado real decreto, establécense as características e os requirimentos da memoria de verificación, documento que “constitúe o compromiso da institución sobre as características do título e as condicións nas que se van a desenvolver as ensinanzas, que concretan o proxecto académico formativo que o define”. No seu apartado 4.1, queda clara a total integración do traballo fin de grao na estrutura das ensinanzas.

Este Real Decreto, no seu artigo 10.3 sinala que “no poderán ser recoñecidos os créditos que corresponden a traballos de fin de Grao ou de Máster, a excepción de aqueles que se desenvolvan especificamente nun programa de mobilidade”.

Neste contexto, cos criterios definidos polo real decreto, a Universidade de Vigo elaborou unha nova normativa para a realización de traballo de fin de grao.

A memoria do título de Graduado/a en Enfermería pola Universidade de Vigo inclúe a elaboración e defensa do TFG cunha asignación de 12 créditos ECTS que o alumnado debe cursar no oitavo semestre do Grao.

En cumprimento co establecido na normativa para a realización do traballo de fin de grao da Universidade de Vigo vixente e co título oficial de Graduado/a en Enfermería pola Universidade de Vigo, o alumnado da E. U. de Enfermería de Pontevedra para poder obter o título deberá aprobar un Traballo de Fin de Grao (TFG) no que se acredite a adquisición das competencias asociadas ao título.

Co fin de dar cumprimento ao antedito e de unificar os criterios e procedementos que garantan as actuacións relacionadas cos Traballos Fin de Grao, a EU de Enfermería de Pontevedra elabora unas normas de carácter xeral e establece a seguinte normativa interna:

NORMATIVA

Artigo 1. *Do obxecto*

A presente normativa ten por obxecto regular, no ámbito da competencia da Xunta de Centro, as actuacións relacionadas coa dirección, organización e xestión dos traballos de fin de grao: definición, elaboración, defensa, avaliación e tramitación administrativa dos traballos de fin de grao.

Artigo 2. *Do Ámbito de aplicación*

1. As previsións contidas na presente normativa aplicaráselle aos traballos de fin de grao correspondente ao título de Graduado/a en Enfermería pola Universidade de Vigo, no centro.
2. O traballo de fin de grao do título de Graduado/a en Enfermería, que habilita para o exercicio de actividade profesional regulada, rexeráse polo disposto na orde que establece os requisitos para a verificación do correspondente título, sen prexuízo da aplicación, con carácter subsidiario, da presente normativa.
3. O contido desta normativa complementácese co resto de normativas e procedementos da Universidade de Vigo en vigor ou que se puidesen aprobar referidas ao desenvolvemento e xestión da docencia, en tódolos seus ámbitos, das titulacións oficiais da Universidade de Vigo.
4. As normas establecidas nesta normativa interna deberán ser públicas e axeitadas ao disposto na nova normativa para a realización do traballo de fin de grao da Universidade de Vigo e na memoria de verificación do título.
5. As tarefas de titorización, avaliación e cualificación dos traballos de fin de grao forman parte das obrigas docentes do profesorado.

Artigo 3. *Da Definición do traballo de fin de grao*

1. O traballo de fin de grao é unha materia de módulo “Prácticas clínicas e traballo de fin de grao” do plano de estudos do título de Graduado/a en Enfermería, título que habilita para o exercicio da actividade profesional regulada. O traballo de fin de grao debe permitirlle ao estudante amosar de forma integrada a adquisición dos contidos formativos e as competencias asociadas ao título. A súa elaboración, avaliación e cualificación teñan lugar dentro do período previsto para realizar os estudos. O traballo de fin de grao é un traballo con base científica sobre calquera aspecto teórico e/ou práctico relacionado coa profesión. O perfil profesional é o que debe dar sentido á formulación do traballo de fin de grao.

2. O traballo de fin de grao é un traballo persoal e orixinal tanto no título como nos contidos que cada estudante realizará de maneira autónoma baixo tutorización docente e debe permitirlle mostrar de forma integrada a adquisición dos contidos formativos e as competencias asociadas ao título:
 - 2.1 O termo orixinal refírese a que en ningún caso pode ser un traballo plaxiado en todo ou en parte, nin presentado con anterioridade polo/a estudante nalguna materia de calquera titulación nesta ou noutra universidade, aínda que pode integrar ou desenvolver traballos realizados nas actividades doutras materias da titulación.
 - 2.2 O traballo de fin de grao é un traballo persoal; está previsto que o alumnado realice o traballo de forma individual, aínda que este feito non exclúe que poidan participar varios/as estudantes para desenvolver unha proposta de envergadura suficiente que permita discernir a parcela ou parcelas precisas da tarefa global da que se responsabiliza cadaquén. En todo caso, requirirá a autorización previa por parte da coordinación do título. Neste caso o alumnado implicado nun mesmo traballo compartirá a persoa titora e poderá ter o mesmo tribunal de avaliación, mentres que a presentación, defensa e a avaliación serán individuais.
3. Cada estudante ten dereito ao recoñecemento da autoría do traballo de fin de grao elaborado e á protección da súa propiedade intelectual. A titularidade dos dereitos derivados pode compartirse coas persoas titoras, coas persoas cotitoras e coas entidades públicas ou privadas ás que pertencen, nos termos e condicións previstas na lexislación vixente. A persoa titular dos dereitos poderá autorizar a difusión do seu traballo no repositorio institucional da UVigo; debendo, no caso de varias persoas titulares, todas elas estar de acordo na dita autorización.
4. O traballo de fin de grao poderá elaborarse en institucións ou empresas externas á Universidade de Vigo, nos termos que se establezan nos convenios institucionais asinados. Nese caso existirá a figura dunha persoa cotitora pertencente á institución ou empresa. A persoa titora académica compartirá coa persoa cotitora as tarefas de dirección e orientación do/a estudante, e será, en calquera caso, responsabilidade da persoa titora académica facilitar a xestión.
5. O traballo de fin de grao terá a súa guía docente axeitada á normativa correspondente e única do título.
6. A redacción dos traballos de fin de grao da Universidade de Vigo debe respectar o emprego dunha linguaxe inclusiva.

Artigo 4. Da Matrícula do TFG

1. Para poder matricularse no traballo de fin de grao será requisito imprescindible ter matriculadas todas as materias requiridas para finalizar o plan de estudos.

2. A matrícula do traballo de fin de grao realizarase nos períodos oficiais de matriculación dos estudos de Grao.
3. A matrícula do traballo de fin de grao dá dereito a dúas oportunidades de avaliación nun mesmo curso académico, sempre que se cumpran os requisitos para a súa defensa recollidos no artigo 7.10 desta normativa.
4. A validez da matrícula do traballo de fin de grao será a mesma que a de calquera outra materia e, polo tanto, remata o último día hábil do curso académico.
5. No caso de que o/a estudante conte co informe favorable do seu titor ou titora e teña depositado o traballo no centro antes da data límite de entrega de actas da convocatoria de xullo, pero non reúna os requisitos para poder defender o traballo por ter materias pendentes deberá formalizar unha nova matrícula noutro curso académico. No curso inmediatamente seguinte ao do depósito (e só nese curso) o/a estudante terá dereito a unha matrícula reducida do 25% do coste da primeira matrícula.

Artigo 5. Da Titorización do TFG.

1. Os traballos de fin de grao realizaranse baixo a supervisión e dirección dunha persoa que exercerá as tarefas de titorización, pertencente ao profesorado con docencia en calquera das materias no Centro.
2. A titorización consistirá en supervisar e orientar ao alumnado na temática, metodoloxía, elaboración, presentación e calquera outro aspecto académico relativo ao traballo de fin de grao; así como facilitar a súa xestión, dinamizar e facilitar todo o proceso ata a presentación e a defensa do mesmo.
3. Poderá actuar como persoa titora calquera docente da Universidade de Vigo, co visto e prace da coordinación da titulación.
4. No caso de baixa prolongada dalgún ou dalgunha titor/a, ou da súa desvinculación co Centro, a dirección do centro, tras consultar as persoas coordinadoras da materia, serán a responsable da súa substitución e asignaralle unha nova persoa titora ao alumnado afectado que será a responsable de todo o proceso. Todo o alumnado matriculado no TFG terá garantida a titorización correspondente.

Artigo 6. Da Asignación da titorización e da temática do TFG

1. A Coordinación do título xunto á coordinación do TFG garantirá a todo o alumnado matriculado na materia de traballo de fin de grao a asignación da debida titorización e a temática de cada traballo.

2. O alumnado desenvolverá traballos con temas relacionados cos contidos específicos da titulación.
3. Para posibilitar que o traballo sexa elaborado axeitadamente dentro dos límites do calendario académico oficial aprobado para cada curso académico o centro establecerá o calendario cos prazos concretos que afecten a todo o proceso de adxudicación de persoas titoras e temáticas.
4. O centro publicará na plataforma de teledocencia ás adxudicacións definitivas da titorización e da temática a cada estudante. Poderanse reclamar fronte a estas adxudicacións no prazo de sete días naturais ante a coordinación do TFG.
5. A adxudicación da titorización e da temática para o TFG terá validez máxima de dous cursos académicos. Unha vez transcorrido terá que volver a realizarse un novo proceso de adxudicación.
6. A asignación de alumando ao profesorado titor adecuarase ao número de estudantes. A coordinación do título poderá limitar o número máximo de traballos que cada titor/a pode dirixir e/ou co-dirixir, no curso académico.
7. A coordinación do título solicitará ao profesorado da titulación cada ano un número mínimo de ofertas de temáticas de TFG e adxudicará o número estimado de estudantes que van titorizar nese curso académico.
8. Tratarase de que o equipo docente de titores/as dos TFG se compoña de especialistas de todos os ámbitos disciplinares tratados na titulación. A Xunta de centro aprobará, se procede, os temas ofertados polos titores.
9. O centro publicará o listado de temáticas e titores do TFG para cada curso académico.
10. Dadas as características descritas nos anteriores artigos (traballo individual, prazos limitados, etc.), o tempo dedicado ao TFG non adoita ser suficiente para exporse a realización de traballos complexos en canto ao deseño ou desde o punto de vista ético.
11. Polas mesmas razóns, o centro non aconsella a realización de TFG clínicos que requiran a autorización do Comité de Bioética das Institucións sanitarias onde se realicen, e considera que será decisión do/a titor/a e do/a propio/a estudante o realizar un traballo deste tipo polas dificultades engadidas que entraña a súa realización e a obtención dos permisos necesarios.
12. En cada curso académico, e seguindo o calendario do primeiro semestre o alumnado matriculado na materia TFG terá a posibilidade de presentar propostas temáticas non recollidas na oferta publicada polo Centro, que poderán ser asumidas por algún docente en calidade de titor ou titora, e seguindo o mesmo sistema de asignación.
13. O alumnado presentará en prazo, na secretaría do centro e nos prazos establecidos no calendario semestral, unha solicitude (**Anexo I.- Solicitude da**

- proposta e-ou liña temática do TFG) indicando en orde de prioridade un mínimo de 9 temáticas para o TFG nas que estea interesado, ou ben a súa proposta ou da oferta xeral presentada, e o titor/a.
14. Segundo o calendario establecido, a coordinación do título realizará a asignación provisional de estudantes á temática do TFG e do titor/a baseándose no expediente académico dos/das solicitantes. No caso de igualdade procederase á asignación en función do maior número de créditos superados polo alumnado nese momento.
 15. O centro publicará unha listaxe provisional coas asignacións.
 16. De non estaren de acordo coas asignacións realizadas, os/as estudantes poderán reclamar fronte as adxudicacións, nun prazo de sete días naturais ante a coordinación do título.
 17. Unha vez publicada a asignación definitiva, o alumnado terá una última posibilidade de solicitar a un titor/a que quedara libre no proceso anterior sen que isto afecte ás demais asignacións e sempre que a persoa titora está dacordo. A solicitude farase ante a coordinación do título, nos 3 días hábiles seguintes á publicación da resolución. De haber solicitudes, estas asignaranse por estrito orde de recepción.
 18. Unha vez adxudicada e publicada a proposta temática e a persoa titora, o alumnado presentará na secretaría do centro e nos prazos establecidos a proposta do traballo de TFG coa aceptación do titor/a e, se é o caso, do co-titor/a (Anexo II.- Aceptación pola persoa titora da proposta temática do traballo de fin de grao).
 19. O/a alumno/a poderá solicitar a realización doutro TFG co mesmo/a ou con outro/a profesor/a titor/a (e co-titor/a se fora o caso). Para iso deberá presentar un informe razoado á coordinación do título do cambio que desexa realizar. Se a coordinación do título xunto a coordinación do TFG autorizan o cambio, renovarase os prazos. Tamén poden autorizar, de xeito excepcional, unha posible solicitude do alumnado para cambio da persoa titora mantendo o mesmo TFG, para o que deberá presentar un informe razoado do cambio.
 20. Do mesmo xeito, a persoa titora poderá solicitar o cambio de estudante asignado/a e dos temas ofertados, presentando un informe razoado do cambio que desexa realizar. Serán a coordinación do título xunto a coordinación do TFG as encargadas de autorizar o cambio.

Artigo 7. Da presentación e defensa do Traballo de Fin de Grao

1. Cada traballo de fin de grao será presentado e defendido polo seu autor ou autora ante un tribunal de avaliación que o avaliará e cualificará.
2. A coordinación do título atendendo aos criterios organizativos e de programación docente establecidos polo Centro, fará pública a asignación de tribunais e fixará as datas, horas e lugares onde se realizará a defensa pública do traballo dentro

- dos límites do calendario académico oficial da Universidade de Vigo para cada prazo, garantindo o cumprimento das horas de traballo correspondentes aos 12 ECTS do traballo de fin de grao recollidas na normativa vixente.
3. Os TFG deberán seguir unha estrutura predeterminada. A estrutura por tipoloxía de traballo seleccionada, ordenación, outras normas de estilo e as recomendacións xerais para a redacción, citación, bibliografía, figuran no Anexo III: (Anexo III.-Estrutura das tipoloxías TFG Pontevedra e normas de edición)
 4. O titor/a deberá cumprimentar na Secretaría virtual o correspondente informe favorable ou desfavorable á presentación do TFG polo alumnado como requisito previo á solicitude de defensa e ao depósito do TFG, seguindo a guía de avaliación do Anexo IV (Anexo IV.- Modelo guía para informe de avaliación do titor no PROCESO do estudante .
 5. Cada estudante solicitará a defensa do TFG, a través da secretaria virtual, unha vez recibido o informe favorable do titor/a nos períodos establecidos e depositará na Secretaría do centro 3 exemplares, en caso de defensa ante tribunal colexiado, e 1 en caso de defensa ante tribunal unipersoal. Exemplares en papel impresos en DIN A 4 encadernados e unha copia en soporte electrónico e formato PDF.
 6. Excepcionalmente, a Xunta do Centro ou, de ser o caso, a Comisión Delegada, poderá autorizar a defensa sen o preceptivo informe favorable da persoa titora tras a petición formal e motivada polo/a estudante.
 7. A defensa do traballo de fin de grao realizada polos/as estudantes poderá ser pública e presencial. A comisión académica de TFG, con carácter excepcional e logo da petición formal e motivada polo/a estudante e persoa titora e co-titora poderá autorizar a defensa de xeito virtual, sempre e cando concorran as condicións técnicas administrativas e económicas que permitan a súa viabilidade
 8. A defensa terá unha duración máxima de exposición de 20 minutos por alumno/a. Recoméndase o reparto proporcional do tempo aproximado de 5 minutos para a fase introdutoria e conceptual, 10 minutos para a fase metodolóxica e empírica e 5 minutos para as conclusións. O Tribunal poderá aportar suxestións e formular cantas preguntas e cuestións considere oportunas durante un máximo de 15 minutos.
 9. Unha vez aprobado o TFG, conservarase unha copia da documentación no centro.
 10. O TFG só poderá ser defendido e avaliado cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG. O Centro deberá verificar que se cumpran estes requisitos para autorizar a súa presentación. Para estes efectos, no caso de que na data límite de entrega de actas das materias aínda non se recepcionarán todas as actas, a secretaria do Centro solicitará do profesorado encargado desas materias que informe sobre as cualificacións do alumnado que solicitase defensa para esa convocatoria.

Artigo 8. *Da avaliación e cualificación do traballo de fin de grao*

1. A presente normativa contempla dous mecanismos de avaliación e cualificación do traballo fin de grao: avaliación e defensa ante un tribunal colexiado e ante un tribunal unipersoal. En todo caso ambas opcións serán excluíntes entre si para cada estudante.
2. O tribunal de avaliación asignado avaliará e cualificará cada traballo de fin de grao presentado e defendido. A cualificación deste tribunal poderá ser única ou poderá supoñer unha porcentaxe da cualificación final que, de ser o caso, será polo menos do 70%; o resto pode depender doutros criterios, sistemas de avaliación e responsables establecidos na normativa interna do centro.
3. O tribunal de avaliación do traballo de fin de grao deliberará sobre a cualificación dos traballos sometidos á súa avaliación tendo en conta a documentación presentada por cada estudante, a exposición pública dos traballos e, de ser o caso, o informe da persoa titora.
4. A cualificación global terá en conta, polo menos, a calidade científica ou técnica do traballo presentado, a calidade do material entregado, os contidos incluídos e grao de adquisición das competencias específicas da titulación, incluídas as competencias transversais. Os criterios de avaliación quedarán recollidos na guía docente do traballo de fin de grao de cada titulación.
5. No caso de obter a cualificación de suspenso, o tribunal de avaliación achegaralles ao/á estudante e, de ser o caso, á persoa titora, un informe coas recomendacións oportunas para mellorar o traballo e a súa posterior avaliación.
6. A entrega de actas dos traballos de fin de grao estará rexida polos tempos máximos de entrega de actas fixados no calendario académico oficial da Universidade de Vigo.

Artigo 8 bis. *Da avaliación e cualificación por Tribunal Colexiado.*

1. A Xunta de Centro aprobará a relación de profesores e profesoras da titulación, que formarán parte dos tribunais de avaliación do traballo de fin de grao para cada curso académico
2. Os Tribunais que xulgarán os TFG estarán compostos por tres membros que exercerán a presidencia, secretaría e vogal. Debido ás características dos traballos presentados ou ao número de estudantes ou ao número de estudantes que opte por esta modalidade de avaliación, poderán nomearse varios tribunais para unha titulación.

3. De xeito excepcional, a Xunta de Centro ou a comisión delegada por esta, poderá autorizar que forme parte do tribunal de avaliación colexiado outro persoal docente, persoas colaboradoras ou membros de institucións externas á Universidade de Vigo que posúan unha titulación de nivel igual ou superior ao grao e que poderán actuar en calidade de vogais, con voz e voto, ou como persoas asesoras con voz e sen voto.
4. As persoas titoras poderán estar presentes con dereito a voz no acto de defensa, e poderán intervir unha vez rematada a rolda de preguntas do Tribunal. A súa participación nas deliberacións do tribunal de avaliación será excepcional.
5. En cada unha das datas establecidas e coa antelación suficiente ao acto de defensa publicárase a composición do Tribunal avaliador dos TFG. Deberán indicarse as datas para os traballos asignados ao tribunal, lugar e hora da defensa.
6. O proceso de avaliación. Realizarase de acordo cos seguintes pasos:
 - 6.1 O tribunal de avaliación do traballo de fin de grao deliberará sobre a cualificación dos traballos sometidos á súa avaliación tendo en conta a documentación presentada por cada estudante, o informe da persoa titora e a exposición pública do traballo.
 - 6.2 O/A secretaria/o do Tribunal deberá comprobar antes da exposición do TFG, a existencia do informe de avaliación favorable do titor/a.
 - 6.3 Na rolda de preguntas moderada polo/a presidente/a, a orde de intervención será a seguinte: secretario/a, vogal e presidente/a.
 - 6.4 O tribunal asignará o 85% da cualificación final do TFG: 70% para a avaliación do documento escrito e un 15% para a presentación e defensa realizada polo/a estudante; o 15% restante corresponderalle ao informe da persoa titora, seguindo a rúbrica que figura no documento Guía de avaliación para o tribunal do TFG
 - 6.5 A cualificación final obterase da media aritmética dos resultados emitidos por cada un dos tres membros do tribunal, conforme á seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión dun decimal:
Suspenso: 0- 4,9; Aprobado: 5,0–6,9; Notable: 7,0-8,9; Sobresaínte: 9,0-10.
 - 6.6 Cando a nota final iguale ou supere o nove (9), o Tribunal poderá propoñer sempre por maioría, a cualificación de Matrícula de Honra, xustificando as razóns para a súa concesión. Unha vez finalizadas todas as presentacións dos TFG do curso, a coordinación do TFG estudará as propostas de Matrícula de Honra, decidindo cales se conceden co máximo permitido pola normativa académica da Universidade de Vigo.
7. As actas dos traballos de fin de grao son individuais.

8. No caso de que o Tribunal considere que o TFG non é apto para a exposición ou de obter a cualificación de suspenso, o presidente do tribunal achegaralle ao estudante e á persoa titora un informe coas recomendacións oportunas para mellorar o traballo a e súa posterior avaliación. (**Anexo V. Informe do presidente do tribunal no caso de cualificación suspenso**)
9. No caso de que existan discrepancias entre as cualificacións dos membros do tribunal (inclúe tanto una cualificación moi elevada como unha que non alcance o aprobado) farase igualmente a media aritmética, e se asumirá o resultado. De todos os xeitos será o/a presidente/a quen debe deixar constancia desta e doutras circunstancias que poidan xurdir durante esta etapa do proceso (defensas que se teñan que pospoñer, etc.), cumprimentando o **Anexo VII. Acta de incidencias. Informe do presidente/a do tribunal**

Artigo 8 ter. *Da avaliación e cualificación por Tribunal Unipersoal.*

1. A Xunta de Centro ou a comisión en quen delegue nomeará como tribunal unipersoal para cada traballo de fin de grao que se avalíe nesta modalidade á persoa titora do mesmo. Tamén poderá nomeado como tribunal unipersoal a outro/a profesor/a.
2. O acto de defensa será público e deberá anunciarse coa debida publicidade e antelación.
3. O proceso de avaliación. Realizarase de acordo cos seguintes pasos:
 - 3.1 O tribunal de avaliación do traballo de fin de grao deliberará sobre a cualificación dos traballos sometidos á súa avaliación tendo en conta a documentación presentada por cada estudante e a exposición pública do traballo.
 - 3.2 O tribunal unipersoal asignará un máximo do 70% como cualificación final do TFG

Artigo 9. *Dos traballos de fin de grao realizados noutra universidade.*

1. De acordo co apartado 3.5 desta normativa, o alumnado pode solicitar a realización do TFG noutra universidade española ou estranxeira que conte cun convenio de intercambio académico coa Universidade de Vigo. A Comisión delgada permanente, se aproba a solicitude, solicitará unha persoa titora na Universidade de destino e designará á persoa responsable do intercambio no centro como cotitora aos únicos efectos de supervisar os trámites a desenvolver na Universidade de Vigo.

2. Para proceder á defensa, o traballo deberá recibir previamente o informe favorable do titor/a na Universidade de destino e o visto e prace da persoa responsable do intercambio da Universidade de Vigo.
3. A Universidade de destino deberá enviar un documento no que conste a cualificación obtida, a data de defensa e o número de créditos do TFG.

Artigo 10. Revisión e reclamación da cualificación do TFG

1. O alumnado poderá solicitar, ante o tribunal avaliador, a revisión da cualificación obtida, no prazo establecido polo centro, cumprimentando axeitadamente o Anexo VII (**Anexo VII. Solicitud de revisión da nota.**)

Artigo 11. Arquivo dos TFG

1. Os TFG que obtivesen a cualificación mínima de aprobado (5) integraranse nun arquivo en formato papel e dixital baixo a custodia da Secretaria académica da Escola de Enfermería.

Artigo 12. Normas supletorias

1. En todos os aspectos non previstos nesta normativa interno aplicarase a normativa da Universidade de Vigo e a normativa xeral vixente.

Disposición final

A autorización prevista no artigo 3.4. da presente normativa poderá concederse de xeito retroactivo respecto de traballos defendidos antes do curso 2022-2023. Esta disposición transitoria substitúe á disposición final da modificación desta normativa aprobada o 13 de novembro de 2018.